

## O círculo de Crac

**Francisco Cortegoso**

### Forma de citación recomendada

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

CORTEGOSO, FRANCISCO (2012). “O círculo de Crac”. Texto lido na presentación en Santiago de Compostela do libro de Gonzalo Hermo *Crac* (18 de xaneiro de 2012, Biblioteca Ánxel Casal). Edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1818>>.

\* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 8 de febreiro de 2012 a partir do arquivo facilitado polo autor.

## O CÍRCULO DE CRAC

Francisco Cortegoso

Crac. Un vaso de vidro polo cal o caricaturesco dandi dun París baudelairiano bebe Moët & Chandon, como se do afamado cristal da Bohemia se tratar. Un dandi atirado nas rúas da memoria de Oriana Méndez; o Sena embebido aos ollos de Chus Pato. Non falo de xenaloxía, é unha miraxe, agora que o escumoso arrecendo fede agre nas nosas mans: o escumoso soborda o vidro sen nos decatarmos, porque nada do acendido lirismo de Gonzalo permanece sobre o papel. É unha travesía necesaria que acugula a garganta; por veces desdise de nós. Mais non garda ánimo culposo ou se achega a nos amosar a cara tenra da súa infancia inocente. É unha marca. Ergamos os vasos e brindemos! Os nosos ventres son cámaras resoantes ante os seus poemas voceados. Sobre a mesa o suco debuxa un círculo, parello ao noso embigo céntrico. Onde fede a comunión do natural.

Crac. Un seco ar bárrenos desde o norte. *Anoitecemos* no deserto de Acra. Alí recollemos as dilatadas granadas e o delirio lévanos ás tascas, onde renacen os anxos. Todo o Natural sobrevido cinsa sen antes terse esgotado, quizá nin comezado. Unha rede de estrelas, inmemorial, desacertada para a navegación do Amazonas ou o Congo. Así é que Celan se desamparaba fronte a toda unha memoria literaria que o antecedeu. Así é que Gonzalo nos coloca ante o incerto Ti como eu-mesmo. Así é que comezou o crac, un golpe na testa de Eu-nós. Xa advertira D. H. Lawrence o uso afiado que da linguaxe facían os anunciantes norteamericanos sobre o gume das imaxes. Así o soño. Até que todos punteamos os espazos entre os dedos e sentimos a dor de repente, mais non mudamos; ao parecer, e disto dá constancia o libro, sentimos algo figurado ao pracer. A sensibilidade ordénase de acordo ao libre xogo dos corpos, dos individuos co mundo. Que lei enfía, entón, as nosas xemas? Son precisas as leis para xulgar a violencia? E como atender os modos da violencia? A lei pareza ferir, clarexada nestes poemas.

Crac. Naces na produción dun novo desexo. Un modo de amar. Pero nunca dixen que fose inocente ou agradecido, quizá mesquiño; sempre punido no teu corazón antes incluso de se che ter deitado na boca. Cabrón, naces como ningún outro tivo nacido neste país. Sinte a súa incerteza, agora, que calmará a túa voz.

Crac.

Aveuglé par l'or sortant de sa bouche,  
Tu bois ses paroles délicieusement à la louche  
Ne vois-tu pas loucher ce fou qui t'éclabousse  
De son air aguicheur et te conte sa soupe.

Crac. Lemos nomes de muller. Escoitamos as voces vindo no xogo dos nenos. Preguntádevos que lugar vos ocupa cando ledes. Pista primeira: non es ti. Pista segunda: non es ti. Pista última: Ti. Non pretendo máis que soste firmemente o non acordarvos de onde colocades as cousas despois de usalas.

Crac.

Cegado polo ouro surxido da boca

Bebes deliciosamente as súas palabras servidas na culler

Non te vas abeirar a este tolo que te salpica

Do seu aire sedutor remexendo a sopa como a vida?

Crac. Onte pensaba nos formantes ósos da túa cerviz. Alóngase até un mechado de cabelo loiro. Non entornes o busto; non lles quero ver a cara. Fitade os dedos e o dorso da miña man apreixando as vosas. Escolle unha vea, córtaa.

Crac.

No alarms and no surprises

No alarms and no surprises

No alarms and no surprises

Crac. Existe un pulso de memoria que desdía todo mito. A orde das cousas e as ordes. Poderíámonos exasperar pero escollemos os modos da arte como base. Gonzalo Hermo atinxe o seu valor porque acode a nós desde si.

Crac.

I was on the wrong page of the wrong book

With the wrong rendition of the wrong hook

With the wrong moon, every wrong night

With the wrong tune playing till it sounded right yeah.

...estivemos sempre no errado punto do círculo do Crac.